



2026: 12 meses de sensibilización en prol da IGUALDADE NOS COIDADOS DESDE A CORRESPONSABILIDADE

Xuño do 2026

A conciliación corresponsable na «Proposta de CCOO por un Pacto integral e estatal de coidados»

Dado que a desigualdade se perpetúa, principalmente, por falta de corresponsabilidade nos coidados e tarefas domésticas, o segundo semestre da campaña recompilará as medidas máis interesantes das recollidas no documento elaborado pola Secretaría de Mulleres da Confederación de CCOO, referidas ás principais eivas que atrancan o desenvolvemento real da corresponsabilidade na conciliación.

Estas actuacións ou medidas teñen a finalidade de promover non só o compromiso das persoas, homes e mulleres, senón tamén das entidades públicas e, sobre todo, das empresas.

Porque a conciliación real da vida familiar e laboral só se dará a través da concienciación e o compromiso dos homes e da sociedade (empresas) coa corresponsabilidade familiar.

Coas modificacións que a lexislación introduciu no ET —melloras en materia de dereitos laborais que compartimos no primeiro semestre da campaña—, agora toca centrarnos nas posibilidades de desenvolvemento da corresponsabilidade nos coidados máis alá da lexislación.

Nos seguintes meses desta campaña procuraremos resumir as *100 medidas para un Pacto integral e estatal de coidados*¹ que desenvolvan máis especificamente os dereitos de conciliación e corresponsabilidade.

Temos a idea de que tanto a nosa afiliación como a sociedade enteira sexan partícipes da proposta do feminismo sindical de CCOO pondo a vista no carácter esencial dos coidados no desenvolvemento da poboación e do traballo, no desenvolvemento da vida.

¹ Ligazón ao documento completo das 100 medidas:
<https://ccoo.es/144027701802253faf077eb6a97f7d8000001.pdf>

Co financiamento de:



No mes de xuño, esta campaña inclúe o resumo da proposta das 100 medidas, incluída a listaxe de apartados clave que queremos que se promovan no pacto.

Partindo das conclusións da *Proposta por un Pacto Integral e Estatal de Coidados*, estoutro documento de medidas inclúe unha análise ou diagnose do actual modelo de coidados, seguido das estratexias que as CCOO propoñemos para mudalo por discriminatorio. Defende, sobre todo, a corresponsabilidade en todas as súas vertentes, pero tamén, necesariamente, dereitos laborais xustos e un mercado de traballo sen segregación por xénero, así como a erradicación da fenda salarial.

Para iso, desenvolverá medidas en varios eidos:

- Primeiramente, as xerais (respectando a necesaria transversalidade que implica o cambio de modelo).
- Despois, centrarase nos dereitos a recibir coidados profesionalizados (tanto nos coidados da infancia como nos de longa duración de maiores e persoas con dependencia dalgún tipo).
- O seguinte ámbito é o dos dereitos laborais das persoas que coidan, pois, inevitablemente feminizado, trátase dun sector que necesita a incorporación de moitas melloras.
- Outro máis céntrase na corresponsabilidade das Administracións, a través do pulo aos servizos públicos de calidade e gobernanza, apelando á mellora do estado de benestar como garante deses coidados necesarios, nun esforzo consciente por erradicar a tradición machista de responsabilizar dos coidados exclusivamente as mulleres. Neste apartado, ademais, farase fincapé en como as novas tecnoloxías poden mellorar o sistema de coidados.
- O apartado cuarto céntrase na conciliación corresponsable. Alúdese, de novo, á superación do modelo que responsabiliza destas tarefas exclusivamente as mulleres para fomentar a repartición equitativa no seo das familias e comunidades.
- Por último, o documento inclúe un apartado que desenvolverá medidas na liña de erradicar a segregación de xénero neste ámbito, creando empregos cualificados de coidados (directos).

A última parte desta folla de ruta recolle o conxunto das 100 medidas propostas polo Grupo de Traballo Confederal de Coidados.

Os restantes meses desta campaña centraranse na achega das medidas referidas especificamente á corresponsabilidade.